



## Concello de Lourenzá

### ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
JGL/2024/10	La Junta de Gobierno Local
<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

27/09/2024

**Duración:**

Dende as 10:32 ata as 11:13

**Lugar:**

Despacho da Alcaldía

**Presidida por:**

ROCIO LOPEZ GARCIA

**Secretario:**

ANA BARREIRO GOMEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
76580879X	ROCIO LOPEZ GARCIA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

### A) PARTE RESOLUTIVA





## Concello de Lourenzá

### **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 08/08/2024**

Preguntados os membros da Xunta de Goberno Local, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data 08/08/2024 e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

### **EXPEDIENTE 405/2024. LIQUIDACIÓN 2024. CUOTA ORDINARIA MANCOMUNIDADE CONCELLOS DA MARIÑA LUGUESA**

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU: Aprobar, autorizando o gasto, dispoñendo o crédito e recoñecendo as obrigas pola contía de 4.210,00 euros correspondentes o cuota ordinaria e única aprobada pola Asamblea Plenaria de data 20/06/2024 da Mancomunidade de Concello A Mariña Lucense .

### **Expediente 194/2019. DEVOLUCIÓN AVAL A ÁLVAREZGONZÁLEZ CONTRATAS, SA. OBRA "MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS CAMIÑO DE CASTIÑEIRAS VERDES ÁS PANTIGUEIRAS, NO CONCELLO DE LOURENZÁ"**

Vista a solicitude de devolución de fianza definitiva presentada por Alvargonzalez Contratas S.A. con CIF:A 33605072 e na súa representación Antonio Manuel Alvargonzález Martínez con DNI:\*\*\*671\*\* con data de 26 de xullo de 2024 da obra " Mellora de vías municipais camiño de Castiñeiras Verdes ás Pantigueiras".

Visto o informe favorable para a súa devolución emitido pola arquitecta municipal doña Marta Sánchez Seivane, Directora Técnica das Obras de data 14/08/2024.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA: Aprobar a devolución da garantía definitiva, Aval Bancario de El Banco de Sabadell S.A. con número de rexistro no Rexistro especial de avales 10001171465 por importe de 4.979,05 euros e de data 12/11/2019 a empresa adxudataria do citado contrato de obras Alvargonzález Contratas S.A. con CIF: A 33605072 e na súa representación a Antonio Manuel Alvargonzález Martínez con DNI:\*\*\*671\*\*.

### **ALTA SAF LIBRE CONCORRENCIA DONA M<sup>ª</sup>TERESA OTERO REIGOSA**

Visto o informe da Traballadora Social de data 20/08/24, relativo concesión do servizo de axuda no fogar de D<sup>ª</sup>. M.<sup>ª</sup> SOLEDAD OTERO REIGOSA con D.N.I. nº \*\*\*6310\*\* con domicilio en Lugar de Barburiña, núm. 1 deste Termo Municipal, a





## Concello de Lourenzá

Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Conceder a ALTA do servizo de "Axuda no Fogar" na libre concurrencia a D<sup>a</sup>. Soledad Dasilva Expósito con DNI:\*\*+6310\*\* nos termos recollidos no informe emitido pola traballadora social.

### **RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA SOLICITUDE SUBVENCIÓN EQUIPAMENTO EMERXENCIAS.**

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU ratificar a seguinte Resolución da Alcaldía de data 12/08/2024:

" RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Dona ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), no nome e representación que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación Vixente vista a ORDE do 22 de Xullo de 2024 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2024 para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concurrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa Galicia Feder 2021-2027. Vistas as necesidades que ten o Concello de Lourenzá para dotar dunha infraestrutura idónea á súa Agrupación de Voluntarios de Protección Civil para que esta poida desempeñar con éxito as súas tarefas e poder prestar un mellor servizo no que a atención a emerxencias se refire, VEN A RESOLVER

PRIMEIRO: Avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local e solicitar a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ao abeiro da Orde xa citada o seguinte equipamento, por orde de preferencia: 1.- Liña 1: Kit de material loxístico de seguridade viaria. 2.- Liña 3: Kit de ferramentas eléctricas para a atención ás emerxencias. 3.- Liña 4: tenda de campaña para emerxencias

SEGUNDO: Comprometerse a aceptar as obrigas contidas na Orde do 22 de Xullo de 2024 ao abeiro da cal se solicita a presente subvención.

TERCEIRO: Ratificar esta resolución na próxima Xunta de Goberno Local. Mándao e asíno en Lourenzá, a Alcaldesa, Dona Rocío López García.

Pola Secretaría tómase razón para a súa transcrición ao Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo).





## Concello de Lourenzá

Documento asinado electronicamente á marxe.”

### **RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2023-2024.**

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU ratificar a seguinte Resolución da Alcaldía de data 30/07/2024:

#### ”RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Dona ROCIO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), no nome e representación que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación Vixente, ao abeiro de convenio Interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a Entidade Local Concello de Lourenzá, para a realización de accións de prevención e defensa contra Incendios Forestais durante o ano 2023-2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no Marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e unha vez que o Concello de Lourenzá se comprometeu á realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado en 26,73 hectáreas e visto o informe favorable da inspección previa realizada polo Distrito Forestal, a comisión de seguimento procede a aprobar o programa de actuacións preventivas de dito convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de LOURENZA Visto que a Consellería do Medio Rural aboará ata un máximo de 320,00 €/Ha, e polo tanto, a subvención máxima ascendería a 8.553,60 €.

Visto que o Concello de Lourenzá presentou un plan de traballo que abarca 26,73 Hectáreas.

Vistos os presupostos presentados para o desbroce mecanizado con tractor en vías e camiños municipais ao abeiro do programa de accións preventivas 2024 do Concello de Lourenzá para un total de 26,73 Ha, que obran no expediente e que son os seguintes: EMPRESA CIF / NIF PREZO POR HA. (SEN IVE) IMPORTE SEN IVE IVE (21%) TOTAL

FOLGUEIRA VIZOSO CESAR 33345497-M 600,00 €/Ha 16.038,00 € 3.367,98 €  
19.405,98 €

JOSÉ MANUEL VIDAL CORTIÑAS 77595038-F 700,00 €/Ha 18.711,00 € 3.929,31 €  
22.640,31 €

GANDEIRIA VIDARTE, S.C. J27388693 500,00 €/Ha 13.365,00 € 2.806,65 €

### Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá

16.171,65 €

Esta Alcaldía en virtude das atribucións que lle veñen conferidas pola lexislación vixente,

**VEN EN RESOLVER: PRIMEIRO.-** Abocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local e adxudicar, como contrato menor de servizos e ao abeiro do citado convenio coa Consellería de Medio Rural os traballos de desbroce ou roza mecanizada no Concello de Lourenzá segundo a relación de bens remitida ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais, á empresa GANDEIRIA VIDARTE S.C. con C.I.F. J27388693 e na súa representación a D<sup>o</sup> Noe Vidarte García con D.N.I. 34.636.873-T con domicilio en Alaxe, nº 12, San Xurxo, 27751, Lourenzá (Lugo) por un importe total de dezaseis mil cento setenta e un euros con sesenta e cinco céntimos (16.171,65 €) co seguinte desglose: PRESUPOSTO 13.365,00 € IVE (21%) 2.805,65€ PRESUPOSTO EXECUCIÓN 16.171,65 € Ditros traballos consistirán no desbroce mecanizado con tractor en vías e camiños municipais ao abeiro do programa de accións preventivas 2024 do Concello de Lourenzá.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto correspondente que ascende a dezaseis mil cento setenta e un euros con sesenta e cinco céntimos (16.171,65 €) (IVE incluído), con cargo á partida 136.210 do vixente Presuposto de Gastos.

**TERCEIRO.-** Unha vez efectuada o servizo, incorporárase a factura e procederase a tramitar o pago, tendo en conta que a data límite para a execución dos servizos será o 30 de Setembro de 2024.

**CUARTO.-** Comprometerse á achega da parte que non sexa subvencionada pola Consellería de Medio Rural con cargo á partida 136.210 dos vixentes presupostos municipais e que ascendería aproximadamente a sete mil seiscentos dezaioito euros con cinco céntimos (7.618,05 €) e en todo caso, á diferenza entre o subvencionado pola Consellería de Medio Rural e o importe da factura.

**QUINTO.-** Notificar a presente Resolución á empresa adxudicataria para o seu coñecemento e efectos oportunos así como as outras dúas empresas que presentaron presuposto.

**SEXTO.-** Comunicar ao rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato menor incluíndo entidade adxudicataria, importe adxudicación xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor





## Concello de Lourenzá

alternativamente recurso de reposición potestativo ante este órgano, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Provincia, o prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de Xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contenciosoadministrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. Calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito. Mándao e asínoa en Lourenzá a Sra. Alcaldesa, Dona Rocío López García. Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción ao Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art, 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo)

Documento asinado electronicamente á marxe”

### **RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA APROBACIÓN PREGO CONDICIÓN "ADXUDICACIÓN PANTALLA LED"**

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU ratificar a seguinte Resolución da Alcaldía de data 12/06/2024:

#### **"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Dona ROCIO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lourenzá (Lugo), no nome e representación que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación Vixente e visto o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá para cooperar no “equipamento do local multiusos Ponte de Cuñas” e o expediente tramitado para contratación “PANTALLA LED PARA LOCAL MULTIUSOS DE PONTE DE CUÑAS” .

E o disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

VEN A RESOLVER:

PRIMEIRO.- Por razóns de urxencia avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local e aprobar o expediente de contratación e a apertura do





## Concello de Lourenzá

procedemento de adxudicación por procedemento *aberto simplificado como forma de adxudicación da contratación* do subministro “PANTALLA LED PARA LOCAL MULTIUSOS DE PONTE DE CUÑAS”, cun valor estimado de trinta e tres mil euros (33.000,00 €), o prezo certo anterior queda desagregado nun valor de vinte e sete mil douscentos setenta e dous euros con setenta e tres céntimos (27.272,73 €) máis cinco mil setecentos vinte e sete euros con vinte e sete céntimos (5.727,27 €) de I.V.E.

CONTRATO	IMPORTE SEN IVE IMPORTE CON IVE	IMPORTE CON IVE
“ADXUDICACIÓN PANTALLA LED PARA LOCAL MULTIUSOS PONTE DE CUÑAS”	27.272,73 €	33.000,00 €
TOTAL	27.272,73 €	33.000,00 €

SEGUNDO.- Aprobar o prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de dito subministro e autorizar o gasto.

TERCEIRO.- *Publicar o anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público a efectos de presentación de proposicións para a adxudicación.*

CUARTO.- Ratificar o presente acordo na primeira Xunta de Goberno Local que se celebre.

Mando e asino en Lourenzá, a Alcaldesa, Doña Rocío López García. Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción ó Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo).

### RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA ADXUDICACIÓN CONTRATO PANTALLA LED PARA LOCAL MULTIUSOS.

#### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o expediente tramitado no “**CONTRATO DE ADQUISICIÓN DE PANTALLA LED PARA LOCAL MULTIUSOS DE PONTE DE CUÑAS**”.

Visto que a mesa de contratación se reunía o 03/07/2024 para apertura da do Sobre A único, e propón como adxudicatario a TECHNO TOUCH EXTREMADURA, S.L. con NIF B44563773, por ser el licitador que consigue maior puntuación (50 puntos) e a oferta económica mais vantaxosa por 24.425,00€ mais 5.129,25 € de IVE, Importe total 29.554,25€ e se lle require para que presente documentación.





## Concello de Lourenzá

Vista a garantía definitiva constituída e documentación xustificativa presentada pola empresa TECHNO TOUCH EXTREMADURA, S.L.

En virtude das competencias atribuídas a esta Alcaldía polo lexislación vixente, e o disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público respecto a avocación de competencias.

### DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Avocar, por motivos de urxencia, a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución de data 19/07/2023 e adxudicar o **CONTRATO DE ADQUISICIÓN DE PANTALLA LED PARA LOCAL MULTIUSOS DE PONTE DE CUÑAS** á empresa TECHNO TOUCH EXTREMADURA, S.L., con C.I.F. B44563773 e con domicilio en Calle Tejedores, 18, P. Ind. Las Capellanías, Parc. 372. 10005, Cáceres, por un importe total de 29.554,25 € co seguinte desglose:

PRESUPOSTO	24.425,00 €
IVE (21%)	5.129,25 €
PRESUPOSTO EXECUCIÓN	29.554,25 €

SEGUNDO.- Dispoñer do gasto correspondente que ascende a vinte e nove mil cincocentos cincuenta e catro euros con vinte e cinco céntimos (IVE incluído), con cargo á partida 337.625 do vixente Orzamento de Gastos.

TERCEIRO.- Nomear como responsable do contrato o técnico municipal D. José Angel Rodríguez Ramos.

CUARTO.- Notificar a presente Resolución o adxudicatario e citarlle para a sinatura do contrato que terá lugar a través da Plataforma de Contratos do Estado o día 19 de setembro de 2024.

QUINTO.- Ratificar a presente Resolución na próxima Xunta de Goberno Local.

SEXTO.- Publicar o presente acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Mando e asino en Lourenzá, a Alcaldesa, Dona Rocío López García. Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción ó Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo).

Documento asinado dixitalmente na data á marxe.”







## Concello de Lourenzá

### **RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA ADXUDICACIÓN OBRA "ÁREA DE AUTOCARAVANAS EN VILANOVA DE LOURENZÁ".**

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU ratificar a seguinte Resolución da Alcaldía de data 24/09/2024:

#### **"RESOLUCIÓN DA ALCALDIA**

Dona ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), ao abeiro da RESOLUCION do 15 de Febreiro de 2024, publicada no D.O.G. num. 42 do Mércores 28 de Febreiro de 2024 da AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, e anúnciase a súa convocatoria para o ano 2024, e vista a resolución definitiva de concesión de subvención por un importe de trinta mil euros (30.000,00 €) o que supón unha axuda do 100% para o proxecto denominado "ÁREA DE AUTOCARAVANAS EN VILANOVA DE LOURENZÁ", vistos os informes sectoriais correspondentes e visto que se trata dunha obra menor, procédese a analizar as ofertas presentadas:

EMPRESA	OFERTA PRESENTADA SEN IVE	IVE	TOTAL
MOVE PROYECTOS E INVERSIONES, S.L.	23.100,00 €	4.851,00 €	27.951,00 €
SERVIPLUSTOTAL, S.L.	23.000,00 €	4.830,00 €	27.830,00 €
HELEM SERVICIOS MULTIDISCIPLINARES, S.L.U.	23.214,78 €	4.875,10 €	28.089,88 €

Esta Alcaldía, en virtude das atribucións que lle veñen conferidas pola lexislación vixente,

VEN EN RESOLVER

PRIMEIRO.- Avocar por motivos de urxencia a competencia delegada na Xunta de Goberno Local e adxudicar a obra "ÁREA DE AUTOCARAVANAS EN VILANOVA DE LOURENZÁ" á empresa SERVIPLUSTOTAL, S.L., con CIF B70019294 e con domicilio en C/ TERESA HERRERA, 4, BAIXO, 15679, O TEMPLE - CAMBRE (A





## Concello de Lourenzá

CORUÑA) por un importe total de vinte e sete mil oitocentos trinta euros (27.830,00 €) co seguinte desglose:

PRESUPOSTO	23.000,00 €
IVE (21%)	4.830,00 €
PRESUPOSTO EXECUCIÓN	27.830,00 €

SEGUNDO.- Dispoñer do gasto correspondente que ascende a vinte e sete mil oitocentos trinta euros (IVE incluído), con cargo á partida 133.609 do vixente Presuposto de Gastos.

TERCEIRO.- Unha vez efectuada a obra, incorporárase a factura e procederáse a tramitar o pago, tendo en conta que a data límite para a execución e presentación da documentación xustificativa dos investimentos é o 31 de outubro de 2024.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario, que executará a obra de conformidade coa resolución de concesión de subvención emitida pola Axencia de Turismo de Galicia e cumprindo cos requisitos das autorizacións sectoriais correspondentes; así como ao resto de empresas que presentaron oferta.

QUINTO.- Comunicar ao rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato menor incluíndo entidade adxudicataria, importe adxudicación xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

SEXTO.- Dar conta da presente Resolución na primeira Xunta de Goberno Local que se celebre.

Mándao e asíno en Lourenzá, a Alcaldesa, Dona Rocío López García. Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción ao Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo).

Documento asinado electronicamente á marxe.”

### **RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA APROBACIÓN MEMORIA "RENOVACIÓN DOS PARQUES INFANTÍS DE A GRACIA E SANTO TOMÉ"**

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU ratificar a seguinte Resolución da Alcaldía de data 12/02/2024:

”RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA





## Concello de Lourenzá

D<sup>a</sup>. ROCIO LÓPEZ GARCIA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ (LUGO),

Vista a Orde de 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A) publicada no D.O.G. núm. 9 do Venres 12 de Xaneiro de 2024.

RESOLVE

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local e aprobar a memoria de “PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS ÁS VIVENDAS SOCIAIS DE VILANOVA”, ascendendo o seu presuposto total a CINCUENTA E UN MIL SEISCENTOS VINTE EUROS CON DEZAOITO CENTIMOS (51.620,18 €), IVE INCLUIDO.

SEGUNDO.- Solicitar a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ao abeiro da ORDE do 27 de decembro do 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A), unha subvención por importe de CORENTA MIL EUROS (40.000, €), límite máximo de axuda económica; correspondentes ao 79,49% do presuposto para a execución do proxecto “PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS ÁS VIVIENDAS SOCIAIS DE VILANOVA”, co seguinte detalle:

- Presuposto Base de Licitación 48.368,52 Euros
- Redacción de Proxecto o Base (1.343,66) + 21% I.V.A (282,17) 1.625,83 Euros
- Dirección de Obra, Dirección de Execución e Coordinación de Seguridade e Saúde o Base (1.343,66) + 21% I.V.A (282,17) 1.625,83 Euros
- Presuposto para adquisición de terreos e bens afectados 0,00 Euros TOTAL 51.620,18 Euros Ascende o presente Presuposto para coñecemento da Administración á citada cantidade de: CINCUENTA E UN MIL SEISCENTOS VINTE EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS.

TERCEIRO.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos





## Concello de Lourenzá

establecidos na Orde do 27 de Decembro de 2023. CUARTO.- Comprometerse ao financiamento do importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista.

SEXTO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García, para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo. Mándao e asíno en Lourenzá, a Alcaldesa, Dona Rocío López García. Pola Secretaría tómasese razón para a súa transcrición ao Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo).

Documento asinado electronicamente á marxe.”

### **RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE DA OBRA "REGENERACIÓN PAVIMENTO DESDE A CARRETERA DAS PLAZAS AO CANAL".**

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU ratificar a seguinte Resolución da Alcaldía de data 24/09/2024:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ (Lugo),

Visto o Plan de Seguridade e Saúde presentado pola Empresa CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO S.L. con CIF. B-27250182 e domicilio social en C/Valiñadares núm. 8 (27748 MONDOÑEDO), adxudicataria das obras de **“REGENERACIÓN PAVIMENTO DESDE A CARRETERA DAS PLAZAS AO CANAL”**.

Visto o Informe favorable do Plan de Seguridade e Saúde emitido por D<sup>a</sup>. Irene Fernández Prieto, Enxeñeira de Camiños, Canales e Portos, colexiada núm. 22.874.

Visto o Real Decreto 1627/97 de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción (BOE. 25/10/97) e de conformidade co establecido en el artigo 7.2, esta Alcaldía, en uso das facultades que me veñen conferidas pola lexislación vixente, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local e aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra **“REGENERACIÓN PAVIMENTO DESDE A CARRETERA DAS PLAZAS AO CANAL”**





## Concello de Lourenzá

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO, S.L. con CIF.b-27250182 , e domicilio social en Rúa Valiñadares núm.8 (27748 MONDOÑEDO), así como ó director de obra, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Mando e asino en Lourenzá, a Alcaldesa, Doña Rocío López García. Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción ó Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo)."

### **RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA OBRA "REGENERACIÓN DEL PAVIMENTO DESDE LA CARRETERA DE ARROXO A LOURENZÁ PK 0,000 AL PK 0,780"**

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU ratificar a seguinte Resolución da Alcaldía de data 24/09/2024:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ (Lugo),

Visto o Plan de Seguridade e Saúde presentado pola Empresa CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO S.L. con CIF. B-27250182 e domicilio social en C/Valiñadares núm. 8 (27748 MONDOÑEDO), adxudicataria das obras de **"REGENERACIÓN DEL PAVIMENTO DESDE LA CARRETERA DE ARROXO A LOURENZA P.K. 0,000 AL P.K. 0,780"** .

Visto o Informe favorable do Plan de Seguridade e Saúde emitido por D<sup>a</sup>. Irene Fernández Prieto, Enxeñeira de Camiños, Canales e Portos, colexiada núm. 22.874.

Visto o Real Decreto 1627/97 de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción (BOE. 25/10/97) e de conformidade co establecido en el artigo 7.2, esta Alcaldía, en uso das facultades que me veñen conferidas pola lexislación vixente, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local e aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra **"REGENERACIÓN DEL PAVIMENTO DESDE LA CARRETERA DE ARROXO A LOURENZA P.K. 0,000 AL P.K. 0,780"**





## Concello de Lourenzá

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO, S.L. con CIF.b-27250182 , e domicilio social en Rúa Valiñadares núm.8 (27748 MONDOÑEDO), así como ó director de obra, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Mando e asino en Lourenzá, a Alcaldesa, Doña Rocío López García. Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción ó Libro de Resolúcións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo)."

### **RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA ADXUDICACIÓN "REGENERACIÓN PAVIMENTO DESDE A CARRETERA DAS PLAZAS AO CANAL"**

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU ratificar a seguinte Resolución da Alcaldía de data 16/09/2024:

#### **" RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.**

Visto o expediente tramitado para a contratación das obras de **"REGENERACIÓN PAVIMENTO DESDE A CARRETERA DAS PLAZAS AO CANAL"** incluídas no Plan Único da Deputación Provincial de Lugo 2023.

Vistos os informes sectoriais correspondentes e visto que se trata dunha obra menor, procédese a analizar as ofertas presentadas:

EMPRESA	OFERTA PRESENTADA SEN IVE	IVE	TOTAL
CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA, S.L.	13.294,67 €	2.791,88 €	16.086,55 €
CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO, S.L.	13.260,00 €	2.784,60 €	16.044,60 €
CONSTRUCCIONES CHOLO, S.L.	13.294,67 €	2.791,88 €	16.086,55 €

#### **VEN EN RESOLVER:**

PRIMEIRO.- Avocar por motivos de urxencia a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución de data 19/07/2023 e Adxudicar á Empresa CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO S.L., con C.I.F. B27250182 con domicilio en Valiñadares núm. 8 de Mondoñedo e na súa representación a D. Isidro Otero Bello, con C.I.F. 33.304.681Z a obra **"REGENERACIÓN PAVIMENTO DESDE A**





## Concello de Lourenzá

**CARRETERA DAS PLAZAS AO CANAL**” por importe de trece mil douscentos sesenta euros (13.260,00 €) e dous mil setecentos oitenta e catro euros con sesenta céntimos (2.784,60 €) correspondente o IVE o que supón un importe total de dezaseis mil corenta e catro euros con sesenta céntimos. (16.044,60 €).

SEGUNDO.- Dispoñer do gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.619 do estado de gastos correspondente o vixente orzamento.

TERCEIRO.- Notificarlle ao adxudicatario do contrato a presente Resolución e citalo para a sinatura do contrato que terá lugar a través da Plataforma de Contratación do Sector Público no prazo de 15 días hábiles.

CUARTO.- Nomear como director facultativo da obra o enxeñeiro de camiños D.José Enrique Cacicedo Herrero.

QUINTO.- Unha vez formalizado o contrato, o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra, para a súa aprobación polo Concello, despois do informe do coordinador de seguridade e saúde ou director facultativo da obra D.José Enrique Cacicedo Herrero.

Despois de realizar este trámite procederáse á acta de implantación e inicio da obra.

SEXTO.- Dar conta da presente Resolución na primeira Xunta de Goberno Local que se celebre para a súa ratificación.

Mándao e asíno en Lourenzá, a Alcaldesa, Dona Rocío López García. Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción ao Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo).

Documento asinado dixitalmente á marxe.”

<b>APROBACIÓN FACTURAS</b>				
Visto os expedientes tramitados para o pago das facturas e liquidacións que a continuación se relacionan que suman todas elas o importe total de 95.368,59 €:				
<b>NOME E NIF/ ACREEDOR</b>	<b>N.º DE FRA. E DATA</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPOR TE</b>	<b>IVA INCLUÍDO</b>
OSVENTOS	SER-	Servizos de axuda no fogar do	7399,14	7696,10

### Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

INNOVACION EN SERVICIOS, S.L	2024/2139 10/07/2024	Concello de Lourenzá (modalidade dependencia fins de semana e festivos....XUÑO 2024		
AUTOS MORÁN,SL	A/142 01/08/2024	TRASLADO ESTUDANTES DURANTE O CURSO 2023-24 DENDE LOURENZÁ AO IES SAN ROSENDO DE MONDOÑEDO. 3º PAGO	3233,66	3557,03
OSVENTOS INNOVACION EN SERVICIOS, S.L	SER-2024/2537 14/08/2024	Servizos de axuda no fogar do Concello de Lourenzá (modalidade dependencia fins de semana e festivos....XULLO 2024	5.308,80	5.530,11
OSVENTOS INNOVACION EN SERVICIOS, S.L	SER-2024/2782 10/09/2024	Servizos de axuda no fogar do Concello de Lourenzá (modalidade dependencia fins de semana e festivos....AGOSTO2024	7.722,65	8.046,49

ESPINA S/5923 LIQUIDACION SOBRECOSTE DE FANGOS-  
Y DELFIN 08/08/2024 1º  
SEMESTRE/2024 3.658,46 4.024,31

CONCELLO DE BARREIROS	SERVIZO RECOLLIDA LIXO XANEIRO 2024,	<b>12.354,77</b>
CONCELLO DE BARRERIOS	SERVIZO RECOLLIDA LIXO FEBREIRO 2024	<b>10.992,88</b>
CONCELLO DE BARREIROS	SERVIZO RECOLLIDA LIXO MARZO 2024,	<b>13.908,10</b>
CONCELLO DE BARREIROS	SERVIZO RECOLLIDA LIXO ABRIL 2024,	<b>14.282,83</b>
CONCELLO DE BARREIROS	SERVIZO RECOLLIDA LIXO MAIO 2024,	<b>14.975,97</b>
	<b>TOTAL</b>	<b>66.514,55</b>

En virtude do disposto no artigo 185 do RD 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título Sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, a **Xunta de**







## Concello de Lourenzá

**Goberno Local** por unanimidade dos seus membros ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar as facturas e liquidacións relacionadas mais arriba, autorizando os gastos, dispoñendo os créditos e recoñecendo as obrigas polo importe que figura nas mesmas e que que ascende a contía total de 95.368,59 €.

SEGUNDO.- Dar traslado de dito acordo os departamentos correspondentes ós efectos da súa tramitación.

### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

### **C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai asuntos.

A Sr Alcaldesa levanta a sesión.

### **DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**

